

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 19 de marzo de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA II 2014.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** A explotación da cafetería anexa ó Centro de Servizos Sociais "Milagrosa II".
- b) **Prazo de execución:** Será de DOUS ANOS contados a partir da acta de inicio da explotación que será asinada no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato e poderá ser obxecto de prórroga por períodos anuais por mutuo acordo das partes por períodos máximos de CATRO ANOS, en total incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimento:** aberto

4.- Tipo de licitación.

O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de **400 euros mensuais (IVE incluído)**, resultando finalmente o canon ofertado á alza polo adxudicatario na súa proposta económica.

5.- Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-27
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: pertil do contratante)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

6.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) **Data límite de presentación:** **15 días naturais** contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) **Lugar de presentación:**
 - 1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos
 - 2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
 - 3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

8.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Centro de Servizos Municipales
- b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidese en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo

ampliaráse, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

10.- Gastos dos anuncios: 135,46 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 31 de marzo de 2014.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Méndez García

R. 1339

Anuncio

DECRETO NÚMERO 14002982 DO 27/03/2014

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Rematada a cualificación final dos aspirantes e, visto o resultado emitido polo Tribunal Cualificador das probas selectivas celebradas para o acceso en propiedade, en quenda de consolidación de emprego temporal, a unha praza de Tradutor/a, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2008, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, cuxa cobertura foi convocada polo Decreto nº 13004535, do 09/05/2013, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde- Presidente e obrante no Libro de Resolucións (BOP número 115 do 21 de maio de 2013).

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación do aspirante aprobado así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 157, do 9 de xullo de 2008:

- **1 PRAZA DE TRADUTOR/A:**
- DON JOSÉ BENITO NOVO DÍAZ (34 PUNTOS)

Segundo.- O opositor aprobado, de conformidade coa base décimo novena das Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se publique a relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- 1) Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionarios, no que fora separado ou inhabilitado.
- 2) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- 3) Dúas fotografías tamaño carné.
- 4) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

O aspirante aprobado que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentase a documentación esixida ou dela se deducise que carece dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderá ser nomeado, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a